

#EntroidoRibadeo

SÁBADO 7 FEBREIRO · Festa do freixó

A partir das 12:00 e ata as 20:00 h. haberá **DEGUSTACIÓN DE FREIXÓS** no **Teatro**.

DOMINGO 8 FEBREIRO · Festa do freixó

A partir das 11:00 e ata as 15:00 h. haberá **DEGUSTACIÓN DE FREIXÓS** no **Teatro**.

SÁBADO 14 FEBREIRO · Gala do Entroido

Ás 20:00 h. Saída da **CARROZA DO ENTROIDO** acompañada da comparsa da peña **Os Vinagres**, dende o Parque San Francisco ata o Teatro onde será recibida polas charangas ribadenses **A Choca** e **Aturuxo**.

Ás 21:00 h. no Cine Teatro terá lugar a **GALA DO ENTROIDO** co pregón a cargo de **Piti Alonso** acompañado de **Cote Ventura**, **Inés Nécega** e **EMMD**. **QUE NON CHA CONTEN! VÉN CHEIÑA DE SORPRESAS!!!**

*Non te esquezas de facer a túa foto e subila ao facebook oficial de **Entroido Ribadeo** para participar dos premios que temos preparados. <https://www.facebook.com/entroidoribadeo>*

DOMINGO 15 FEBREIRO · Domingo Lardeiro

Ás 11:00 h. a **COMPARSA DO COCHO** percorrerá as rúas de Ribadeo acompañada da **Charanga a Choca**.

Ás 17:00 h. **BAILE INFANTIL** na Sala de festas Rosa Lar.

*Non te esquezas de facer a túa foto e subila ao facebook oficial de **Entroido Ribadeo** para participar dos premios que temos preparados. <https://www.facebook.com/entroidoribadeo>*

LUNS 16 FEBREIRO · Luns Fareleiro

Durante todo o día @s máis larpeir@s poderán degustar o cocido do Entroido nos restaurantes adheridos, e poderán participar no concurso “@S MÁIS LARPEIR@S” que se desenvolverá no facebook oficial do Entroido Ribadeo.

*Non te esquezas de facer a túa foto e subila ao facebook oficial de **Entroido Ribadeo** para participar dos premios que temos preparados. <https://www.facebook.com/entroidoribadeo>*

MARTES 17 FEBREIRO · Martes de Entroido

Ás 17:00 h. **GRAN DESFILE DO ENTROIDO** que sairá da Avenida Rosalía de Castro, percorrerá San Roque, Virxe do Camiño, Avenida de Galicia, J.V. Pérez Martínez, Avenida de Asturias, Clemente Pasarón e Dionisio Gamallo Fierros, desembocando diante do Concello.

Inscripcións no Concello en horario de atención o público ou na mesa instalada na Estación de autobuses o día 17 de febreiro de 15.00 h á 16.30 h.

IMPORTANTE: tod@s @s participantes no desfile deberán estar na súa ubicación 15 minutos antes do comezo do desfile.

PREMIOS

CHARANGAS (sen instrumentos) 1º: 750 € 2º: 500 € 3º: 250 €	CONTRACHANGAS (con instrumentos) 1º: 500 € 2º: 250 € 3º: 100 €	CARROZAS 1º: 400 € 2º: 200 € 3º: 100 €
GRUPOS (min. 8 persoas) 1º: 300 € 2º: 200 € 3º: 100 €	PARELLAS 1º: 200 € 2º: 100 € 3º: 50 €	INDIVIDUAIS 1º: 150 € 2º: 75 € 3º: 40 €

PREMIOS INFANTIS

GRUPOS (min. 8 persoas) 1º: 100 € 2º: 75 € 3º: 50 €	PARELLAS 1º: 75 € 2º: 50 € 3º: 25 €	INDIVIDUAIS 1º: 70 € 2º: 40 € 3º: 20 €
--	---	--

SÁBADO 21 FEBREIRO · Queima do Entroido

Ás 21:00 h. concentración diante do Concello para a entrega de premios do concurso realizado no facebook Entroido Ribadeo.

De seguido saída da **COMITIVA FÚNEBRE** acompañada de viúvas e viúvos e das charangas de Ribadeo. Despois terá lugar a **QUEIMA DO ENTROIDO** na avenida Rosalía de Castro no medio duns bonitos fogos artificiais e monumental traca, de Pirotecnia Reiriz.

*Dende o 12 ao 18 de febreiro desenvolverase un concurso para elixir aos mellores disfraces que percorran as rúas e establecementos de Ribadeo, todos os interesados en participar deberán subir a súa foto a APP que se creará no facebook oficial **Entroido Ribadeo** <https://www.facebook.com/entroidoribadeo>.*

O concurso contará con diferentes categorías: mellor disfraz individual, en parella, de grupo e mellor local/ profesional/ camareir@ caracterizad@.

*Asemade, dende a primeira hora do luns 16 lanzaremos unha nova APP para participar na categoría @s máis Larpeir@s. Esta soamente estará vixente ata o día 18. Para poder participar na mesma será necesario enviar unha foto para que o participante en compañía, ou sen ela; apareza comendo un cocido e celebrando o **#EntroidoRibadeo** nun dos establecementos hostaleiros adheridos”.*

Os premios deste concurso entregaranse o sábado 21 antes da queima do Entroido diante da Casa do concello.